



**PROBAS DE OBTENCIÓN OU RENOVACIÓN DO CERTIFICADO DE CONSELLEIRO/A DE SEGURIDADE
PARA O TRANSPORTE DE MERCADORÍAS PERIGOSAS POR ESTRADA E POR FERROCARRIL**

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2018

TEST

MODALIDADE: TRANSPORTE POR ESTRADA– MATERIAS LÍQUIDAS INFLAMABLES

-GALEGO -

01. Cal das seguintes materias se poderá envasar para o seu transporte nun GRG/IBC de código 21H2?

- a) Gasolina.
- b) Gasóleo.
- c) Queroseno.
- d) Ningunha das anteriores.

02. Os conselleiros de seguridade deberán ser inscritos no Rexistro Xeral de Transportistas e de Empresas de Actividades Auxiliares e Complementarias do Transporte:

- a) Por eles mesmos achegando titulación.
- b) Polo órgano administrativo que houbese expedido a habilitación.
- c) Só os conselleiros de seguridade con titulación antes de RD 97/2014.
- d) Só os conselleiros de seguridade con titulación despois de RD 97/2014.

03. Cal dos seguintes datos deberá consignarse na carta de porte dun transporte de queroseno?

- a) O número ONU precedido das letras UN.
- b) A data de caducidade dos envases.
- c) O nome do condutor.
- d) Só o número ONU.

04. O equipo de seguridade que debe levar cada unidade de transporte de queroseno constará de:

- a) Dous calzos por vehículo e unha lanterna.
- b) Un sinal de advertencia, autoportante.
- c) Un calzo e unha lanterna convencional por cada membro da tripulación.
- d) Un calzo por vehículo.

05. Como deben ser os paneis de sinalización dunha cisterna cargada con queroseno?

- a) De cor vermella.
- b) De cor laranxa escura.
- c) De cor laranxa.
- d) De cor laranxa e retrorreflectantes.

06. Como deben ser os paneis laranxa de perigo que leven as cisternas cargadas con gasolina?

- a) De forma cadrada.
- b) De forma de rombo.
- c) Metálicos.
- d) Rectangulares.

07. Onde se colocarán os extintores nos vehículos cisterna que transporten gasolina, gasóleo ou queroseno?

- a) No exterior da cisterna, ao aire libre e facilmente accesibles.
- b) Na cabina, facilmente accesibles.
- c) Nalgún lugar protexido dos efectos climáticos e facilmente accesibles.
- d) Non se indica un lugar concreto, poden levarlos onde se estime oportuno.

08. Que dimensións mínimas debe ter unha placa-etiqueta para unha cisterna cargada con queroseno?

- a) 100 mm. de lado.
- b) 150 mm. de lado.
- c) 250 mm. de lado.
- d) 100 x 150 mm.

09. As materias con número ONU 1202 e 1203 están clasificadas:

- a) No grupo de embalaxe III da Clase 3.
- b) Como materias moi perigosas da Clase 3.
- c) Nos grupos de embalaxe III) e II), respectivamente, da Clase 3.
- d) No grupo de embalaxe I da Clase 3.



10. Está regulado o punto de inflamación das materias numeradas 1202 e 1223?

- a) Inferior ou igual a 60 °C.
- b) Maior de 61 °C.
- c) Só para o nº ONU 1202.
- d) Só para o nº ONU 1223.

11. O aceite mineral para caldeo lixeiro:

- a) Ten o número de ONU 1202.
- b) Ten o número de ONU 1203.
- c) É materia da Clase 4.1.
- d) Non está autorizado para o transporte.

12. Poderá envasarse a gasolina nun GRG/IBC de código 31HZ1?

- a) Si, se a presión de vapor real a 55 °C e inferior ou igual a 130 kPa.
- b) Nunca.
- c) Pódense utilizar cando a presión de vapor real a 50 °C sexa inferior ou igual a 110 kPa.
- d) Correcta A e C

13. Que significa que unha materia dispoña dun código de restrición de paso por túneles formado pola letra E?

- a) Ningunha materia dispón deste código.
- b) Este código non prohibe o paso por ningún túnel.
- c) Que só poderá pasar por túneles de categoría E.
- d) Que non poderá pasar por túneles da categoría E.

14. A partir de que cantidade un transporte de gasóleo en cisterna é considerado como mercadoría de alto risco?

- a) 1000 litros.
- b) 3000 litros.
- c) 5000 litros.
- d) O transporte de gasóleo non está considerado como mercadoría de alto risco

15. É correcta a designación da gasolina que aparece na carta de porte: 1223-Gasolina, 3, F1, II), ADR?

- a) É incorrecta.
- b) É correcta.
- c) Sempre que se cambie o código F1 polo F2.
- d) Sempre que se cambie Gasolina por Gasóleo.

16. Se transportamos gasolina en envases ou embalaxes deberemos saber que o código da embalaxe pode ir seguido das letras T, V ou W. A letra V designa unha embalaxe:

- a) Temporal.
- b) Reacondicionado.
- c) Reconstruído.
- d) Todas son incorrectas.

17. Cal é a instrución de embalaxe aplicable ao transporte de gasolina en vultos?

- a) A P002.
- b) A P110.
- c) A P001.
- d) A P003.

18. Se transportamos gasolina en envases ou embalaxes deberemos saber que o código da embalaxe pode ir seguido das letras T, V ou W. A letra W designa unha embalaxe:

- a) Reconstruído.
- b) De socorro.
- c) Reacondicionado.
- d) Todas son incorrectas.

19. No código de clasificación dunha embalaxe utilizada para o transporte de gasolina, que indica o número 4?

- a) Que a embalaxe é un tonel de madeira.
- b) Que a embalaxe é unha caixa.
- c) Que a embalaxe é un xerricán.
- d) Que a embalaxe é un bidón.

20. Que indica a letra H no código de tipo das embalaxes utilizadas para o transporte de gasolina?

- a) Que o material é téxtil.
- b) Que o material é plástico.
- c) Que o material é madeira contrachapada.
- d) Que o material é cartón.



21. Como se identifica, segundo código, o material con que está construído un envase utilizado para o transporte de gasolina?

- a) Con dous ou máis números arábigos.
- b) Cunha ou máis letras maiúsculas latinas.
- c) Cun número arábigo e unha letra latina.
- d) Cunha letra maiúscula latina.

22. Que representa o marcado nun envase ou embalaxe utilizado para o transporte de gasolina?

- a) Que se trata dun envase autorizado para o transporte de todas as materias perigosas.
- b) Que foi construído e superado as probas segundo un tipo aprobado.
- c) A autorización para o transporte de materias perigosas.
- d) Que está autorizado para transportar líquidos e sólidos.

23. Cal das seguintes materias se poderá envasar en embalaxes dos grupos indicados pola letra Y?

- a) Só o queroseno.
- b) O queroseno e o gasóleo.
- c) A gasolina, o queroseno e o gasóleo.
- d) Só a gasolina.

24. Pode ser de plástico un cuñete utilizado para o transporte de gasolina?

- a) Sempre que cumpras as disposicións de embalaxe P002.
- b) Sempre que cumpras as disposicións de embalaxe P001.
- c) Só para líquidos.
- d) Só ata 200 kg.

25. No código dunha embalaxe utilizado para o transporte de gasolina, que indica a cifra arábigo 3?

- a) Que a embalaxe é un xerricán.
- b) Que a embalaxe é unha caixa.
- c) Que a embalaxe é un saco.
- d) Que a embalaxe é un bidón.

26. Quen é o responsable do cumprimento de todas as obrigas establecidas no Real Decreto 97/2014 e no ADR relativas á carga e descarga do vehículo cargado con gasóleo?

- a) O expedidor, cargador ou descargador.
- b) O transportista.
- c) O expedidor.
- d) O cargador ou descargador, exceptuando a descarga domiciliaria a particulares de combustibles para usos domésticos.

27. Que significa o sinal de tráfico circular, con fondo branco e cun vehículo que na parte superior ten unha chama?

- a) Entrada prohibida a vehículos que transporten mercadorías perigosas.
- b) Entrada prohibida a vehículos que transporten mercadorías explosivas ou inflamables.
- c) Entrada prohibida a vehículos que transporten materias contaminantes da auga (máis de 3.000 litros de capacidade).
- d) Entrada prohibida a vehículos que transporten materias contaminantes da auga (máis de 1.000 litros de capacidade).

28. De que materiais poden ser os bidóns utilizados como embalaxes exteriores para transportar gasolina?

- a) Só de materiais metálicos.
- b) Só de aceiro ou aluminio.
- c) De aceiro, aluminio, contrachapado, cartón, plástico ou metal distinto do aceiro ou aluminio.
- d) Só de aceiro, aluminio e plástico.

29. Canto tempo se debe arquivar o informe anual?

- a) 2 anos.
- b) 3 anos.
- c) 5 anos.
- d) 1 ano.

30. Cal será a tensión de vapor máxima das gasolinas?

- a) 50 kPa.
- b) 100 kPa.
- c) 110 kPa.
- d) 150 kPa.



31. Os símbolos, letras e números do mercado dunha embalaxe utilizada para o transporte de queroseno, xeralmente, deben de ser:

- a) Dunha altura menor de 12 mm.
- b) Dunha altura maior de 12 mm.
- c) Dunha altura de 12 mm. ou maior.
- d) De tamaño suficiente.

32. Segundo a Lei de Ordenación do Transporte Terrestre, nun transporte de gasolina considérase infracción grave:

- a) Non levar a bordo o certificado de aprobación do vehículo.
- b) Incumplir a normativa de formación do condutor.
- c) Incluír algún dato incorrecto na carta de porte.
- d) Non levar a bordo o certificado de formación do condutor.

33. O código 31H1 dun GRG/IBC utilizado para o transporte de gasóleo, significa:

- a) Tipo flexible de tecido de plástico para líquidos.
- b) Tipo ríxido de plástico para sólidos.
- c) Tipo flexible de tecido de plástico con forro interior para líquidos.
- d) Tipo de plástico ríxido, para líquidos, con equipo de estrutura.

34. Un vehículo que transporta gasóleo en vultos , terá o paso prohibido nos túneles de categoría?

- a) E.
- b) D e E.
- c) A, B, C, D e E.
- d) Todas son incorrectas.

35. No código de clasificación dunha embalaxe utilizada para o transporte de gasoil, que indica o número 1?

- a) Que a embalaxe é un tonel.
- b) Que a embalaxe é unha caixa.
- c) Que a embalaxe é un cuñete (xerricán).
- d) Que a embalaxe é un bidón.

36. Un vehículo que transporta queroseno en vultos, terá o paso prohibido nos túneles de categoría:

- a) Unicamente D e E.
- b) Unicamente E.
- c) Unicamente D.
- d) Todas son incorrectas.

37. Que indica a letra F do código cisterna dunha cisterna para o transporte de gasóleo?

- a) Que non ten aberturas na parte inferior.
- b) Que non ten dispositivos de respiración.
- c) Que dispón de dispositivos de respiración.
- d) Que ten as aberturas de enchido e baleirado na parte inferior con dous peches.

38. Que indica a letra Y no código dunha embalaxe utilizada para o transporte de gasoil?

- a) Que a embalaxe está autorizada para os grupos de embalaxe I e II.
- b) Que a embalaxe está autorizada para todo tipo de materias.
- c) Que a embalaxe está autorizada para os grupos I, II e III.
- d) Que a embalaxe está autorizada para os grupos II e III.

39. Todos os circuitos dos vehículos tipo FL, utilizados para transportar gasolina, estarán protexidos por medio de fusibles ou por disxuntores automáticos, fóra dalgúns. Cales das seguintes opcións constitúe unha destas excepcións?

- a) Desde a batería ao alternador.
- b) Desde a batería ao motor de arranque do motor.
- c) Desde a batería ata o sistema de arranque en frío.
- d) Todas son correctas.

40. Quen debe conservar os rexistros da formación recibida polas persoas que interveñen no transporte de mercadorías perigosas?

- a) O conselleiro de seguridade.
- b) O empresario.
- c) Os delegados sindicais ou membros do comité de empresa.
- d) O delegado ou delegados de prevención de riscos laborais.



41. Nun transporte de gasóleo, o enchedor da cisterna deberá avisar no caso de que a operación poña en perigo a seguridade pública?

- a) Sempre deberá avisar inmediatamente aos órganos de intervención e seguridade.
- b) Simplemente deberá avisar inmediatamente ao seu conselleiro de seguridade .
- c) Deberá avisar ao transportista.
- d) Deberá avisar ao expedidor.

42. Sinala a resposta incorrecta.

- a) O expedidor, ou por delegación o cargador, é o encargado de fornecer a carta de porte ao transportista.
- b) O embalador deberá respectar as prohibicións de carga común no vehículo.
- c) O transportista débese asegurar de que se colocaron as etiquetas de perigo no vehículo.
- d) O descargador deberá asegurar que se leve a cabo a limpeza e descontaminación do vehículo.

43. Pódense seguir utilizando os vehículos cisterna construídos conforme o ADR 2005, pero sen o marcado da presión exterior de cálculo?

- a) Si, se se construíron antes do 1 de xaneiro de 2007.
- b) Non, se se construíron antes 1 de xaneiro de 2007.
- c) Si, se se construíron antes do 1 de xaneiro de 2008.
- d) Non, se se construíron antes 1 de xaneiro de 2008.

44. Que materias engloban os epígrafes individuais?

- a) Grupos de materias ou obxectos de natureza química ou física especial non especificados noutra parte.
- b) Grupos de materias ou obxectos cunha ou varias propiedades xerais perigosas non especificados noutra parte.
- c) Grupo claramente definidos de materias ou obxectos que non son epígrafes n.e.p.
- d) Materias e obxectos claramente definidos, incluídas as materias recubertas de varios isómeros.

45. Que características presentan as materias da clase 3, grupo de embalaxe II?

- a) Son materias líquidas moi inflamables.
- b) Son materias sólidas de inflamabilidade media.
- c) Son materias pouco inflamables.
- d) Son materias líquidas de inflamabilidade media.

46. Forman parte do título da clase 3 as materias sólidas en estado fundido?

- a) Sempre que o seu punto de inflamación é inferior a 32°C e son transportadas en quente.
- b) Sempre que o seu punto de inflamación é inferior a 23 °C e son transportadas en quente.
- c) Sempre que o seu punto de inflamación é superior a 23 °C e son transportadas en quente.
- d) Sempre que o seu punto de inflamación é superior a 60 °C e son transportadas en quente.

47. En caso de accidente ou emerxencia que pode producirse ou xurdir durante o transporte, os membros da tripulación do vehículo levarán a cabo as seguintes accións:

- a) Evitar fontes de ignición, en particular, non fumar nin usar cigarros electrónicos.
- b) Poñerse o chaleco fluorescente e colocar os sinais de advertencia autoportantes.
- c) Avisar ao expedidor.
- d) A e B son correctas.

48. Que tipo de vehículos teñen que ter o Certificado de aprobación?

- a) Os vehículos EX/II, EX/III, FL ,OX e AT .
- b) Os vehículos EX/II, EX/III, FL e AT .
- c) Os vehículos EX/II, EX/III, FL ,OX e AT e as MEMU
- d) Os vehículos EX/II, EX/III, FL e AT e as MEMU

49. Que tipo de infracción é a consistente en utilizar envases ou embalaxes non homologadas para o transporte ?

- a) Só é falta se se produce unha vertedura.
- b) Leve.
- c) Grave.
- d) Moi grave.

50. En caso de avaría ou accidente, a comunicación ao teléfono de emerxencia incluirá:

- a) Localización da empresa de transportes.
- b) Datos sobre as mercadorías perigosas transportadas.
- c) Data de caducidade do permiso de conducir
- d) Datos do destinatario.